



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIÃOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA, DE RÍO DE JANEIRO (BRASIL), PARA AS OBRAS DE CONSTRUCCION DE UN CENTRO DE HIDROTERAPIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro (Brasil), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para contribuír ó financiamento das obras de construción dun Centro de Hidroterapia para tratamentos de saúde, controlado por profesionais, que permita a redución da dor e a mellora da mobilidade e da flexibilidade articular dos residentes, que executa a Associação Recreio dos Anciãos para Asilo da Velhice Desamparada, de Rio de Janeiro, Brasil.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada, de Río de é unha entidade benéfica, sen ánimo de lucro, cuxa finalidade é acoller temporal ou permanentemente á anciáns de xeito gratuíto, dando prioridade aos galegos e españois necesitados. Esta asociación está rexistrada como centro colaborador da galegidade no





Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría xeral da Emigración.

Dita entidade é un dos referentes fundamentais na atención socioasistencial e sanitaria e de asistencia ás persoas de idade avanzada en Río de Janeiro e a súa contorna. Nas súas instalacións, lévase a cabo unha asistencia integral aos acollidos que inclúe estancia, alimentación, vestiario, servizos médicos, fisioterapia, terapia ocupacional, actividades culturais, etc., mellorando así o aspecto social, emocional e sociolóxico dos acollidos. Na actualidade está atendendo a 180 persoas, das que 32 son galegas, contando sempre con habitacións para anciáns galegos en situación de necesidade.

Esta entidade nos últimos dez anos veu facendo unha importante e necesaria reforma e modernización de todas a súas instalacións tendente a mellora da calidade de vida dos residentes. Na actualidade está construíndo, a requirimento dos servizos médicos, un Centro de Hidroterapia para tratamentos de saúde, controlado por profesionais, que permita a redución da dor e a mellora da mobilidade e da flexibilidade articular dos residentes. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo desta instalación.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Associacao Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada que lle permita afrontar o custo das obras referidas.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha contía de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0.





A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de outubro de 2019.

